

# INTRODUCCIÓN



# CONSTRUÍNDO O COÑECEMENTO

Cando propoñemos actividades grupais de busca e tratamento da información nas que o alumnado ten que realizar un produto final, resulta de vital importancia dotar ao noso alumnado das estratexias que lles permitan realizar ese **traballo en equipo**.

A continuación mostramos unha das actividades que forman parte do proxecto anual da biblioteca, "Arquitectos do noso pensamento", que este ano estamos realizando co alumnado agrupado, e no que poñemos en práctica a técnica do "crebacabezas" na que traballamos con **equípos base** e **equípos de expertos**.

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE



A actividade lévase a cabo nun aula mixta de 1º, 2º e 3º de ED. Primaria de 19 alumnos/as. O grupo-clase leva agrupado desde comezo de curso e están asignados os diferentes cargos: **coordinador/a**, **secretario/a**, **axudante** e **intendente**, cargos que ímos rotando ao longo do curso.

**SORTEO**- Comezamos cun sorteo no que cada coordinador sacará o nome dun monumento sobre o que ten que investigar o seu equipo (cada equipo investigará 2 monumentos).



**FRAGMENTACIÓN**- Fragmentamos a actividade en catro partes:


- 1- Montaxe en 3D do monumento
- 2-Busca de imaxes: por fora, por dentro, dun detalle, da construción.
- 3- Localización no mapa do continente, país e cidade onde se atopa.
- 4- Datos de interese

**AGRUPAMENTOS**- Partimos dos grupos base que temos na aula e formamos o grupo de expertos, o esquema de como se fan os agrupamentos é o seguinte:

### GRUPOS BASE



### GRUPOS EXPERTOS



### ESQUEMA DA TÉCNICA-



IMAXES



LOCALIZACIÓN



MONTAXE



DATOS INTERESE



### COMPARTIR-

De volta no equipo base compartimos os coñecementos.



### DIFUSIÓN-

Exposición do traballo ante os compañeiros de 4º, 5º e 6º.

## CONCLUSIÓN


Coa implementación da aprendizaxe cooperativa melloramos en aspectos como a participación, inclusión, a responsabilidade individual, a expresión e contribuímos a adquisición das competencias, ademais de repercutir positivamente na actividade de busca e tratamento da información.

## REFERENCIAS

P.Pujolas y J.R Lago: Programa CA/AC



CEIP PLURLINGÜE DE LOURO



	ESTRUTURAS SIMPLES	ACTIVIDADES
<b>C R E B A C A B E Z A S</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura compartida</li> </ul>	<b>EQUIPOS BASE</b> Cada equipo le a explicación do traballo que terán que realizar así como a distribución dos membros nos equipos de expertos.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura compartida</li> <li>Para saber os pasos a seguir na montaxe</li> <li>Pezas xiratorias</li> <li>Para participar todos na montaxe</li> </ul>	<b>EQUIPO EXPERTOS: MONTAXE</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Repártense as pezas dun dos monumentos entre os membros, e le as instrucións o membro do equipo que ten no seu equipo ese monumento, coméntase a orde de como móntalo, cada un fai o que se lle indica nas instrucións.</li> <li>Cada un vai pasando as pezas ó compañeiro que ten asignado ese monumento, que a ten que montar.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pegamento ao centro</li> <li>Para chegar a acordos da localización no mapa</li> </ul>	<b>EQUIPO EXPERTOS: MAPA</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Listado cos monumentos, empeza un membro do equipo dicindo o monumento e buscando no ordenador con pantalla grande, sitúao no mapa, no país, na cidade, todos confirman que ese é o lugar, pegan o monumento no lugar correspondente</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ipad xiratorio</li> <li>Para mostrar a aportación de cada un</li> </ul>	<b>EQUIPO EXPERTOS: FOTOS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Cada membro ten que buscar no seu ipad un tipo de imaxe: da súa construción, por fora por dentro, dalgún detalle., previamente se lle asigna a cada un o tipo de imaxe que vai ter que buscar, van ensinando o que atoparon e o membro que ten asignado ese monumento decide a foto que queren que suba a google drive</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lapis ao centro</li> </ul>	<b>EQUIPO EXPERTOS: DATOS INTERESE</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Cada membro le a breve información que acompaña a cada monumento no libro e recollen a información que aparece nunha ficha especial para recoller os datos.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposición xiratoria</li> </ul>	<b>EQUIPOS BASE</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Cada membro explica e comparte a información adquirida</li> </ul>
	<b>REPETIMOS O PROCESO PARA A PROCURA DA INFORMACIÓN DO SEGUNDO MONUMENTO</b>	
	<b>PREPÁRASE EXPOSICIÓN ORAL</b>	